



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de outubro de 2020 (893/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día 29 de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(905).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(906).-PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTROS E SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN NA CAMPAÑA DE NADAL 2020/2021. EXPTE. 5481/106.

Visto o informe xurídico do 23/10/20 e o informe de fiscalización do 28/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/10/2020, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5481-106) por un prezo total de 285.753,80 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 49.593,63 euros e coas seguintes melloras:

Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1 coa seguinte superficie:

SET Nº 1.- Caseta do Nadal: 5 (m2)

SET nº 2.- Nenos cantores: 3 (m2)

SET nº 3.- Poboado navideño: 3 (m2)

SET Nº 4.- Bonecos de neve: 4 (m2)

SET Nº 5.- Farol xigante: 2 (m2)

SET Nº 6.- Camelo Real: 2 (m2)

SET Nº 7.- Libro xigante: 2 (m2)

SET Nº 8.- Tren do Nadal: 3 (m2)

SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución: 1 (m2) (equivalente a 1 ud más)

Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun 4 %.

Non achega certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato

Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A o lote 2 do procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5481-106) por un prezo total de 376.320,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.311,74 euros e coas seguintes melloras:

Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2 coa seguinte distribución:

◦ SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura): 2 Uds

◦ SET N.º 11.- Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts): 3 Uds

Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun 4%.

Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato: certificado de calidade ISO 9001-UN e certificado de calidade ambiental 14001-UN.”



Concello de Vigo

En data 29/10/2018 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a mercantil ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A.

En data 31/10/2018 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a mercantil ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L.

Con data 28 de setembro de 2020, data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 200175075, a empresa ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY SL presenta o proxecto decorativo correspondente á Campaña do Nadal 2020-2021 (Lote 1).

Con data 13 de outubro de 2020, data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 200186228, a empresa ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A presenta o proxecto decorativo correspondente á Campaña do Nadal 2020-2021 (Lote 2).

Segundo a cláusula cuarta de cada un dos contratos asinado o prazo de execución da prestación dos servizos << é de dous anos, contado a partir do 1 de novembro de 2018. Están previstas dúas prórrogas de un ano cada unha. Todo iso conforme ao establecido no apartado 4 das FEC do prego de cláusulas administrativas.>>

A cláusula 4.C da FEC o contrato poderá ser obxecto de dúas prórroga de un ano de duración cada unha, previo acordo expreso do órgano de contratación, a proposta do servizo de Comercio e previa presentación ao contratista polo Concello dun novo proxecto decorativo de similares características ás do proxecto inicial, conforme ao previsto no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Constan no expediente comunicacións do servizo xestor á ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A e ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. de data 30/10/2019 interesando a prórroga do contrato. Así mesmo, non consta a oposición do adxudicatario á prórroga e as entidades adxudicatarias presentaron proxecto decorativo.

Xustifícase a necesidade de aprobar a prórroga do contrato co fin de executar a a programación da Campaña do Nadal 2020-2021 pola Xunta de Goberno de data 17/07/2020 (expte 7281/106) sendo conforme ao interese xeral o súa prestación no intento de reversión da desaceleración económica provocada pola pandemia mundial existente causada polo COVID 19 e que está a afectar gravemente ao comercio local. De feito, e tendo en conta a repercusión mediática acadada durante os últimos anos, as Festas do Nadal poden definirse como un dos eventos comerciais anuais máis importantes na cidade de Vigo. A decoración nas prazas e rúas olívicas constitúe un elemento clave que contribúe ao movemento comercial, xerando un atractivo que potencia o sector turístico. Trátase dunha iniciativa que contribúe, así mesmo, a xerar emprego e dinamizar o sector hostaleiro, da restauración, do transporte público e do ocio carecendo o servizo de comercio de medios persoais para a súa execucións.

Así mesmo ambos contratos desenvolveronse conforme ás condicións pactadas no contrato e coa conformidade desta administración.

En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo á aprobación polo órgano de contratación.

Así mesmo, establécese que no expediente incorpórase o certificado de existencia de crédito, RC 202000006547. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación a adopción do seguinte **acordo**

“PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga anual do contratos *DE SUBMINISTROS E SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN NA CAMPAÑA DE NADAL 2020/2021 (lotes 1 e lote 2)* dende o 1 de novembro de 2020 ata o 31 de outubro de 2021 adxudicados ás mercantís que a continuación se relacionan polos seguintes importes:

1. *Lote 1: ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 142.876,90 € (IVE INCLUÍDO).*
2. *Lote 2: ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 188.160 € (IVE INCLUÍDO).*

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de:

1. *142.876,90 € (IVE INCLUÍDO) a favor de ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L*
2. *188.160 € (IVE INCLUÍDO) a favor de ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A*

con cargo á partida 4310 2279901 **“PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL”** con cargo ás seguintes anualidades:

–Ano 2020:

–ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 110.097,00 € (80%)

–ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 150.528,00 euros (80%)



Concello de Vigo

–Ano 2021:

–ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S L: 32.779,89 €: 27.524,25 (20% do 2020) + 5.255,64 (correspondente ao proxecto decorativo a presentar antes do mes marzo da campaña 2020-2021)

–ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 37.632,00 euros

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(907).- INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS COMPLEMENTARIAS AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 197921/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar(PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 2 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 7 de xullo de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, o cal rematou o 3 de agosto de 2020.

Terceiro.- Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

- CLECE, SA
- FEPAS
- SACYR SOCIAL, SL
- SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SLU
- ATENDO CALIDADE, SL

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordos da mesa de contratación de 6 e 13 de agosto de 2020.

Cuarto.- En data 14 de setembro de 2020, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.	97,00 puntos
2	CLECE, S.A.	88,81 puntos
3	FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS)	81,03 puntos
4	SACYR SOCIAL, S.L.	75,67 puntos
5	ATENDO CALIDADE, S.L.	54,90 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional



Concello de Vigo

esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“as empresas licitadoras deberán estar inscritas necesariamente no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia”).

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Quinto.- En data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%.
- b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Sexto.- En data 17 de setembro de 2020, **CLECE, S.A.**, solicitou acceso ao expediente. O día 21 o servizo de Contratación comunicoulle a data de acceso, e advertiulle da circunstancia de que algún dos documentos contidos no expediente foron declarados como confidenciais polos licitadores. O día 23 a empresa tivo acceso ao expediente, con exclusión das partes declaradas confidenciais.

Sétimo.- En data 14 de outubro de 2020, **D. Alberto Domínguez Crispín**, en nome da mercantil, **CLECE, S.A.** (en adiante, **CLECE** ou o recorrente), mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación do contrato que nos ocupa.

Oitavo.- En data 15 de outubro, unha vez recibido o recurso, o servizo de Contratación puxo a disposición do recorrente un acceso dixital ó expediente a través de owncloud do Concello de Vigo unicamente con relación ó presuposto desglosado do servizo, constando o acceso o mesmo día.

Noveno.- En data 19 de outubro de 2020, o xefe da área de Benestar Social, emite informe sobre as alegacións formuladas por **CLECE** neste recurso.

Décimo.- En data 19 de outubro esta Administración enviou á Secretaria do Tribunal o expediente de contratación.

Undécimo.- En data 22 de outubro de 2020, na sesión ordinaria da XGL aprobouse ó informe do órgano de contratación ó recurso, que foi remitido ó Tribunal o día 23.

Duodécimo.- En data 23 de outubro de 2020, CLECE presentou no Rexistro do Tribunal alegacións complementarias ó seu recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.



Concello de Vigo

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.
-

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Dado que se trata dunha ampliación do recurso especial formulado polo recorrente o 14 de outubro de 2020, non procede aquí analizar si concorren os requisitos obxectivos, subxectivos e formais para a admisión do mesmo a efectos de, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso, posto que esta cuestión xa foi obxecto de análise no informe sobre o recurso de data 22 de outubro.

Con respecto ós requisitos temporais compre dicir que sorprende que o recorrente tras solicitar á vista do expediente e comparecer nesta Administración a revisalo, non solicitou do órgano de contratación a declaración de confidencialidade senón que optou por facer valer os seus dereitos pola vía de recurso.

Esta Administración, recibido o escrito de recurso o 15 de outubro, deulle acceso ó presuposto desglosado do servizo o mesmo día, polo que estas alegacións puideron presentarse dentro do prazo de interposición do recurso, que rematou o día 16 do mesmo mes.

Esta Administración actuou con dilixencia. Se o recorrente non accedeu antes a este documento foi porque non o solicitou e preferiu interpoñer un recurso. E dado que non obtivo antes o documento por falta de dilixencia, non existe motivo que xustifique a interposición destas alegacións complementarias fora de prazo.

-V-

Alegacións complementarias

O escrito presentado por CLECE contén unha única alegación:

- A proposición económica da mercantil adxudicataria non inclúe partida correspondente a gastos xerais.

Considera o recorrente que o presuposto desglosado incluído no sobre C xunto coa proposición de criterios avaliábeis mediante fórmula de SERVISAR non inclúe partida de gastos xerais.

Comeza o recorrente reproducindo a cláusula 14 do PCAP, que establece con relación o presuposto desglosado do servizo que *“O cálculo deste orzamento estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total a aboar polo Concello, IVE excluído, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo cando menos, os seguintes capítulos:*

- *I. Amortización-financiamento do investimento total en maquinaria e calquera outro material inventariable*
- *II. Gastos de persoal calculado segundo o convenio colectivo de aplicación, detallado por servizos, número de empregados, categorías, días de servizo e dedicación*
- *III. Gastos de materiais consumibles para a prestación dos servizos*
- *IV. Outros gastos fixos anuais de mantemento, así como vestuario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugueres e outros que teñan incidencia no contrato”*

A continuación razoa o recorrente sobre a obrigatoriedade de incluír os gastos xerais na estrutura de custes do contrato polo contratista por imperativo do artigo 101.2 da LCSP. Cita en reforzo da súa tese un informe da Junta Consultiva de Contratación del Estado así como diversas resolucións de tribunais administrativos especiais en materia de contratación pública.

É preciso aclarar en primeiro lugar que o artigo 101 da LCSP se refire non o modo de preparar as ofertas os licitadores e as xustificacións das mesmas senón ó cálculo do valor estimado do contrato pola Administración. Cando unha administración acorda celebrar un contrato, con carácter previo debe preparar e aprobar o expediente de contratación. Entre a documentación obrigatoria do mesmo atópase o valor no que se inclúe “d) O valor estimado do contrato, cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluídos sempre os custos laborais, de existiren” por imperativo do artigo 116.4.d da LCSP. O método para calcular o valor estimado do contrato está previsto no citado artigo 101.2:

“2. No cálculo do valor estimado deberanse ter en conta, como mínimo, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos que deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial.

Así mesmo, deberanse ter en conta:

- a) Calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato.
- b) Cando se previse aboar primas ou efectuar pagamentos aos candidatos ou licitadores, a contía destes.



Concello de Vigo

c) No caso de que, de conformidade co disposto no artigo 204, se previse no prego de cláusulas administrativas particulares ou no anuncio de licitación a posibilidade de que o contrato sexa modificado, considerarase valor estimado do contrato o importe máximo que este poida alcanzar, tendo en conta a totalidade das modificacións á alza previstas.

Nos contratos de servizos e de concesión de servizos en que sexa relevante a man de obra, na aplicación da normativa laboral vixente a que se refire o parágrafo anterior teranse especialmente en conta os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación”.

O valor estimado é a previsión da contía que como máximo aboará o poder adjudicador pola execución do contrato. Resulta preciso xustificar os conceptos que o integran para poder fiscalizar o bo emprego dos caudais públicos. No seu cálculo deben incluírse todos os custos citados por canto este debe garantir o cumprimento da normativa laboral e fiscal, así como cales quera outras sectoriais que sexan de aplicación.

No entanto, a lexislación de contratos non esixe que o licitador desagregue os conceptos que conforman o prezo do contrato, por canto se supón que esta labor xa a realizou o poder adjudicador no expediente de contratación.

Esta Administración prevé que se poida esixir o presuposto desglosado do contrato. Esta é unha opción que depende do servizo xestor, que a determina na memoria xustificativa do contrato. A estrutura prevista na cláusula 14 é xenérica polo que podería non adaptarse exactamente a algún servizo concreto. De feito algún dos seus apartados conteñen referencias a “e calquera outros” ou “e outros” (apartados II e IV).

Unha vez centrada a cuestión sobre a obrigatoriedade ou non de esixir o presuposto desglosado, e o seu contido, procede verificar se o presentado por SERVISAR incumpre ou non as previsións do prego e, en consecuencia, se procede, tal e como solicita o recorrente a exclusión da súa oferta por a falta de concordancia da mesma, en aplicación do artigo 84 do RL-CAP.

O presuposto desglosado presentado por SERVISAR inclúe os seguintes apartados:

1. Ingresos
2. Gastos actividad y mejoras
3. Gastos de personal
4. Alquileres
5. Amortizaciones-Inversiones

Como se pode observar todos os apartados salvo o primeiro teñen correspondencia cos previstos na cláusula 14 do PCAP.

Así:

- I. Amortización-financiamento do investimento total en maquinaria e calquera outro material inventariable, se correspondería con “5. Amortizaciones-Inversiones”
- II. Gastos de persoal calculado segundo o convenio colectivo de aplicación, detallado por servizos, número de empregados, categorías, días de servizo e dedicación, se correspondería con “3. Gastos de personal”.
- III. Gastos de materiais consumibles para a prestación dos servizos, se corresponde con parte del apartado “2. Gastos actividad y mejoras”

- IV. Outros gastos fixos anuais de mantemento, así como vestiario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugueres e outros que teñan incidencia no contrato, se corresponde con parte del apartado “2. Gastos actividad y mejoras” e con “4. Alquileres”.

Como se pode apreciar non é verdade a afirmación do recorrente. O apartado 2 contén os gastos xerais. Así se desprende da lectura do citado apartado que dí “ *En este punto se encuentran los gastos recurrentes y normalizados de la actividad*”. Continúa aclarando que “*Dentro de este epígrafe se computan los gastos propios del servicio como guantes, Epi,s, coste del control de presencia, así como las mejoras tasadas de los pliegos y las mejoras introducidas en el proyecto técnico. En la mejora tasada se incluye la contratación de 4 ayudantes de coordinación*”. E como se pode apreciar tratase dunha partida moi cuantiosa que supón durante os 4 anos de duración do contrato “1.662.556 euros”.

Á vista do exposto compre por de manifesto que está previsto tanto o gasto en EPIS xerado polo COVID como as melloras ofertadas, en contra do manifestado polo recorrente no seu primer escrito de recursto. Procede, polo tanto, solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación.

-VI- Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(908).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS ANO 2020. EXPTE. 8448/335.

Visto o informe de fiscalización do 26/10/2020 e o informe xurídico do 29/10/2020, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/2020, asinado polo xestor técnico dos expedientes do Servizo de Festas (Resolución 17/06/2020), o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 30 de xullo de 2020 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2020 (expte. 8448/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 130.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.



Concello de Vigo

Con data, 13 de agosto de 2020 foron publicadas no BOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2020. O prazo de presentación de solicitudes foi de 10 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPO, sendo o inicio o 19 de agosto e o remate o 1 de setembro, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base décimo primeira (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 14:00 horas do día 08 de outubro de 2020 na planta primeira do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez que actúa como presidente; e por D. José Ángel Lago Filgueira como Xestor Técnico dos Expedientes do Servizo de Festas (Decreto 17/06/20). En cumprimento do establecido na base décimo primeira 3) fai as funcións de secretario, D. José Ángel Lago Filgueira

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 8 de outubro que leva anexa a folia de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados polo Xestor Técnico dos expedientes do Servizo segundo o decreto de data 17 de xuño de 2020, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Dado o atraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2020 (expte. 8448/335), é necesario ampliar o prazo de xustificación das achegas ás entidades solicitantes ao día 11 de novembro, respectando sempre o prazo establecido na Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2020 e as Normas de pecho do exercicio orzamentario 2020.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décimo primeira 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade da concelleira de Turismo e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Primeiro: Que se resolva a convocatoria de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2020 (expte. 8448/335) de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 8 de outubro de 2020 por un importe total de **78.857,06 €** con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente

exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

EXPTE	SOLICITANTE	CIF/NIF	epig	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.2. Festas patronais en barrios e parroquias. Asignación fixa 5.000 €						0.00€
FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS 1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias. Asignación fixa 4.000 €						
8553-335	Asociación Cultural O Coto	G36627941	1,3	XXXII Festa do Cabazo	4.000,00 €	4.000,00 €
TOTAL GASTO DO CONCEPTO 1					4.000,00 €	4.000,00 €

EXPTE	SOLICITANTE	CIF/NIF	epig	Programa	Importe a conceder por actividade.	Importe total concedido
8542-335	Asoc. de Veciños San Pedro de Sardoma O Carballo	G36649325	2,1	Nadal dos Nenos, Festival de Música e Maxia	962,25 €	1.941,15 €
			2,2	Magosto e entroido	978,90 €	
8543-335	Agrupación de Centros Culturais do Concello de Vigo	G36791291	2,1	Entroido Folclórico	3.216,79 €	3.216,79 €
8546-335	Asociación Veciños de San Roque	G36659894	2,2	Festa das Castañas (Magosto)	1.021,21 €	1.021,21 €
8548-335	Asociación Veciños Praza da Miñoa	G36842284	2,2	Magosto	742,04 €	742,04 €
8549-335	Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia	G36648608	2,2	Samín	908,10 €	908,10 €
8552-335	Asociación KV2211	G27860667	2,1	Kv Música Clásica nas Parroquias	855,00 €	855,00 €
8554-335	Asociación Veciñal Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores	G36633618	2,1	Venres Musicais	3.489,40 €	6.264,40 €
			2,2	Celebracións Populares Entroido e Magosto	2.775,00 €	
8555-335	Asociación de Veciños San Pedro de Matamá la Unión	G36654036	2,1	Festival Folclórico San Amaro	3.000,00 €	3.000,00 €
8556-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	2,1	Festa Infantil do Entroido	800,00 €	800,00 €
8557-335	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	2,1	VI Festifolc Matamá	2.500,00 €	4.500,00 €
			2,2	Festa Samaín Atlántida	2.000,00 €	
8558-335	Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo	G36627495	2,2	Enterro do Castrón (Entroido)	1.785,00 €	1.785,00 €
8559-335	Hermandad de Devotos de San Roque	G36763225	2,1	Romería de San Roque	2.500,00 €	2.500,00 €
8560-335	Asoc. Cultural Hdad. Festas de Santa Mariña – Cabral	G36837425	2,1	Romaría Santa Mariña de Cabral	3.000,00 €	3.000,00 €
8561-335	Asociación Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	2,2	XXXV Certame da festa da tortilla e churrasco	920,00 €	920,00 €
8562-335	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	2,1	Festa das Candelas e San Blas	1.300,00 €	1.300,00 €
8563-335	Asociación Aboal	G36806693	2,1	VII Musical Familiar Benéfico	2.500,00 €	2.500,00 €
8564-335	Irmandade de San Campio	G36840940	2,1	San Campio o son da gaita	600,00 €	600,00 €



Concello de Vigo

8566-335	Asociación Veciños O Freixo	G36654184	2,2	Festa de Entroido	547,02 €	547,02 €
8567-335	Asociación Cultural Traspes	G27739861	2,1	VIII Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	2.000,00 €	3.200,00 €
			2,2	X Serán Traspés	1.200,00 €	
8568-335	Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN)	G27854306	2,1	V Festival de Cine Inclusivo	3.325,83 €	3.325,83 €
8569-335	Asoc. Cultural Hermandad Fiestas Dolores	G36846921	2,2	Festas das Dores de Cabral	3.489,40 €	3.489,40 €
8570-335	Asociación Festas a Paloma da Garrida- Valladares	G36962389	2,1	Verbena da Paloma	1.350,00 €	1.350,00 €
8571-335	Asoc. Cultural Abella Producións	G27877703	2,1	3ª edición do Galician Freaky film Festival	2.800,00 €	2.800,00 €
8572-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	2,1	Taller Teatro	348,57 €	2.005,64 €
			2,2	Festas de Interés – Ciclo de Festas	1.657,07 €	
8573-335	Asociación Veciños "Xunta Parroquial" de Valladares	G36750396	2,1	XXII Certame Internacional de Regueifas	1.400,00 €	2.600,00 €
			2,2	19º Serán Tradicional	1.200,00 €	
8574-335	Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	2,1	A Música Tradicional-Revisita	1.500,00 €	2.700,00 €
			2,2	XXXCertame de Rondallas	1.200,00 €	
8575-335	AVCU-CSCR de Beade	G36632081	2,2	Beade Dinámica	691,00 €	691,00 €
8576-335	Asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	2,1	XV Festival Internacional de Habaneras	2.010,98 €	2.010,98 €
8577-335	Asociación Cultural "Xarabál"	G36884864	2,2	Magosto Popular	1.650,00 €	1.650,00 €
8578-335	The Wild	G27867076	2,1	The Wild 2020	3.325,83 €	3.325,83 €
8579-335	Asociación Cultural David Fernández Rivera	G27729821	2,1	Maís alá	1.962,79 €	1.962,79 €
8580-335	Asociación de Veciños Novo Vigo	G27771195	2,1	Navia Parque D'Arte	1.181,92 €	1.181,92 €
8581-335	Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello	G36645885	2,1	Festa do polbo a feira do Berbes	2.964,00 €	2.964,00 €
8583-335	Asociación Veciños de Parada-Maceiriña	G36655942	2,1	Outono Cultural	2.398,96 €	3.198,96 €
			2,2	Magosto Popular	800,00 €	
DESESTIMADAS						
RENUNCIAS						
TOTAL GASTO DO CONCEPTO 2					74.857,06 €	74.857,06 €
					51.142,94 €	

Terceira.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais ano 2020 (expte. 8448/335) previsto para o día 1 de novembro ao día 11 de novembro de 2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(909).- NOMEAMENTO INTERINO DE CINCO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL E UN/UNHA DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 36469/220.

Visto o informe de fiscalización de data 29/10/2020, dáse conta do informe-proposta de data 28/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, a Xefatura da Área de Benestar Social e a Concelleira de Política Social, remiten escrito solicitando con carácter urgente seis auxiliares de administración xeral e nove diplomados/as en traballo social para atender o incremento de demandas aos servizos sociais provocadas pola COVID 19.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 08/10/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

III.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV.- Comprobadas as listas de reserva, e de conformidade cos Criterios de xestión das listas referidas aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático, salvo erro ou omisión, consta unicamente unha persoa coa categoría de diplomado/a en traballo social, en condición de ser nomeada.

Dada a urxencia de este expediente, continua a tramitación do mesmo para o nomeamento de cinco auxiliares de admon xeral que enviaron a documentación necesaria, quedando pendente un auxiliar de admon xeral para tramitar nunha segunda fase.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de

las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.138-auxiliares de administración xeral e posto cod. 81-Diplomado/a en traballo social), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de



Concello de Vigo

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de auxiliares de administración xeral e diplomados/as en traballo social polo procedemento de urxencia, para xestionar adecuadamente o incremento de solicitudes, consecuencia do aumento da vulnerabilidade económica e social ocasionado polo COVID-19 a un importante número de familias, resulta necesario a incorporación de auxiliares de administración xeral e diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 08/10/2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de cinco auxiliares de administración xeral e un diplomado/a en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **80.551,40 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **25.882,74 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que: *“O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

No informe de fiscalización deberá considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 27/10/2020, que damos integramente por reproducido aos efectos oportunos.(trámite 152 do expte)

V. - Verificación das listas de reserva.

Comprobadas as listas de reserva, e de conformidade cos Criterios de xestión das listas referidas aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático, salvo erro ou omisión, constan unicamente unha persoa coa categoría de diplomado/a en traballo social en condición de ser nomeada.

Igualmente se fai constar que dada a urxencia de este expediente, continua a tramitación do mesmo para o nomeamento de cinco auxiliares de admon xeral que enviaron a documentación necesaria, quedando pendente un auxiliar de admon xeral para tramitar nunha segunda fase.

Así, e segundo consta no informe de verificación administrativa:

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomados/as Traballo Social e Auxiliares Administrativos de Admón. Xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como diplomados/as Traballo Social a, E Decabo Quintela con dni ***9896**;* como auxiliares administrativos a, T Ucha Martínez con dni ***8593**, a E Álvarez Alonso con dni ***9070**, a J M Couñago González con dni ***0133**, a M^a J Jelusich Diz con dni ***3132** e a B M Caride Nimes con dni ***0155**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando



Concello de Vigo

neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, xustificado nas necesidades do Servizo de Benestar Social para xestionar adecuadamente o incremento das solicitudes derivadas da COVID 19; cinco como auxiliares de administración xeral (1ª fase) e un/unha diplomado/a en traballo social, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo, transcorrido dito período.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **80.551,40 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **25.882,74 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.

TERCEIRO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, *como diplomados/as Traballo Social a, E Decabo Quintela con dni ***9896**;* *como auxiliares administrativos a, T Ucha Martínez con dni ***8593**;* *a E Álvarez Alonso con dni ***9070**;* *a J M Couñago González con dni ***0133**;* *a Mª J Jelusich Diz con dni ***3132*** e *a B M Caride Nimes con dni ***0155***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliares de administración xeral e posto cod. 81-Diplomado/a en traballo social), sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións

noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(910).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NO 63/2020, CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 680/441.

Visto o informe de fiscalización do 23/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/10/2020, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Asunto: Modificación de crédito financiada co recurso F. RLTGG

Orixe do Remanente líquido de Tesourería: Liquidación do Orzamento do ano 2019

Orzamento de aplicación: Ano 2020/2021

Avaliación do período: 2020-2021

Modificación orzamentaria: 63/2020

Expedientes que fundamentan a modificación: 680/441

Emprego:

- a) Área de Fomento,
- b) Eficiencia enerxética,
- c) Xardíns,
- d) Educación,
- e) Deportes



Concello de Vigo

f) Patrimonio

Modificación de crédito: Modalidade Crédito Extraordinario

Importe: 33.000.000,00 euros,

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa.

Antecedentes

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente.

Xustificación da modificación.

Memoria xustificativa da Área de Fomento na que se relacionan os investimentos é a súa necesidade.

En relación aos proxectos de humanización e aplicación do Remanente Líquido de Tesourería, hai distintos niveis de xustificación:

a) De tipo legal. A Comisión Europea acordou a suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que obriga a manter baixo control o déficit e a débeda. A Comisión Europea e o Consello aprobaron o pasado marzo activar a cláusula xeral de salvagarda. E máis recentemente, no mes de setembro, comunicouse que a cláusula de salvagarda manterase activa en 2021.

Dita activación implica que non se suspenden os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pero permite aos Estados membros pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fixada con anterioridade á crise.

Por tanto, a suspensión das regras fiscais prodúcese en cumprimento das medidas adoptadas pola UE para reforzar a resposta á crise e desenvolver un marco de reconstrución, transformación e resiliencia para seguir avanzando.

O Goberno na sesión do Consellos de Ministros de data 6 de outubro aprobou a suspensión da senda de estabilidade vixente e deu visto e prace ao teito de gasto non financeiro do Estado de 2021. Tamén deu a posibilidade de utilización do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non computando os empregos nos anos 202/2021.

Esta medida implica que quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para 2021, así como os fixados para o período 2021-2023 aprobados polas Cortes Xerais en marzo e que quedarán desfasados na situación actual. A pesar diso, existirán uns niveis de déficit de referencia que servirán para permitir o funcionamento orzamentario ordinario de ambos os exercicios.

O Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que sirvan como orientación e guía. O déficit de referencia para España no ano 2020 será do 11,3 e do 7,7% para 2021.

O déficit da Administración Xeral do Estado será do 5,2% (xa que asume o custo dos 31.882 millóns das transferencias á Seguridade Social e comunidades autónomas), das comunidades autónomas do 1,1% e da Seguridade Social, do 1,3%.

As entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% e tamén poderán facer uso dos seus remanentes de tesouraría este ano e o que vén, grazas á suspensión das regras fiscais.

b) De tipo técnico. Faise constar a inaprazabilidade do gasto, tendo en conta as necesidades de mellora técnica que requiren determinadas actuacións públicas contidas na relación de proxectos.

c) De oportunidade. Supón a aplicación dos aforros municipais a satisfacer necesidades que melloran a calidade de vida dos cidadás.

d) Memoria xustificativa dos investimentos.

e) A xustificación mais rigorosa é a necesidade legal de imputar o gasto financiado co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais aos Orzamentos dos anos 2020/2021, xa que é o marco establecido para a suspensión das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria e Regra de gasto, xa que a do endebedamento, ao Concello de Vigo non lle afecta, por NON ter endebedamento financeiro.

Queda por tanto debidamente xustificada a tramitación do expediente que impulsa a Área de Fomento que financia con RLTX, que ten que iniciar os procedementos de licitación dentro do exercicio 2020 para garantir a súa execución no ano 2021.

Normativa de aplicación

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

A suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

O Acordo do Consello de Ministros polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.



Concello de Vigo

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (63/2020), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo dá Área de Fomento en relación coas humanizacións e memoria dos investimentos, sendo esta a xustificación da tramitación do expediente de modificación orzamentaria nº 63/2020, aínda que a base fundamental deste expediente é a autorización para a tramitación do Recurso Financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais que non computará nos obxectivos fiscais dos anos 2020/2021.

En relación co cumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, están suspendidas para o ano 2020 e 2021.

Faise unha análise do marco de peche dos devanditos exercicios, que sen prexuízo da suspensión das devanditas regras, coa execución dos proxectos e gastos financiados co Remanente Líquido de Tesourería, posibilita que con cargo ao Orzamento do ano 2020, se poida tramitar as liquidacións dos expedientes 6370/241 e 6478/241, sendo asumibles na Liquidación prevista do ano 2020. En canto á proxección da liquidación do ano 2021, vaise producir un cumprimento tal e como se fai constar no documento de proxección de ingresos e gastos para o período 2020-2021.

En relación co anterior, achégase ao expediente memoria da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2020-2021, que permite a avaliación para o devandito período.

En canto á Regra de Gasto, tamén está en suspenso o obxectivo fiscal, polo que non procede facer a análise de peche, descoñecendo como se vai a fixar a base para a liquidación do orzamento do ano 2022.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2020 ni no proxecto do Orzamento do ano 2021 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 63/2020, Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 680/441 por unha contía de 33.000.000,00 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, cuxa cuantificación figura na memoria.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os que se relacionan, que afectan aos Servizos de Vías e Obras, Estratexia DUSI, Vigo vertical, eficiencia enerxética, Xardíns, Educación, Deportes e Patrimonio Municipal. A unidade encargada da tramitación dos expedientes que conforman a modificación orzamentaria é a Área de Fomento.

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1532	2100060	Asfaltado na Rúa Marín		218.139,12
FOMENTO	1532	2270660	Redacción proxectos de novas humanizacións		550.000,00
FOMENTO	1532	6090058	20153258 Cubrición e protección Tranvía Castelaio		123.914,14
FOMENTO	1532	6190060	20153260 Human. Rúa Tercio de Afora		274.019,36
FOMENTO	1532	6190061	20153261 Human. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)		2.197.043,98
FOMENTO	1532	6090062	20153262 Suministro e colocación de biondas para motos		350.000,00
FOMENTO	1532	6090063	20153263 1ª anual. Acceso peonil S. Avendaño V. Norte		500.000,00
FOMENTO	1532	6190064	20153264 Human. Rúa Troncoso		362.458,03
FOMENTO	1532	6190065	20153265 2ª Fase Integración Urbana Vía Verde		2.967.996,94
FOMENTO	1532	6190094	20153294 Obras de mellora túnel de Beiramar		1.500.000,00
FOMENTO	1532	6190067	20153267 Beirarrúa no camiño do Laranxo		135.925,99
FOMENTO	1532	6190068	20153268 Seguridade e pavimento.C.Campo Amor		463.000,00
FOMENTO	1532	6190093	20153293 Humanización Rúa Romil		1.230.000,00
FOMENTO	1532	6190070	20153270 Human. Camiño da Brea		226.881,13
FOMENTO	1532	6190071	20153271 Human. Rúa Costa da Gándara		162.522,14
FOMENTO	1532	6190072	20153272 Human. Rúa Penís de Abaixo		78.256,44
FOMENTO	1532	6190073	20153273 Human. Praza da Feira		151.842,02
FOMENTO	1532	6190074	20153274 Human. Rúa dos Fontáns		58.056,47
FOMENTO	1532	6190075	20153275 Human. Rúa dos Curros		89.541,56
FOMENTO	1532	6190076	20153276 Human. Rúa Subride		153.502,50
FOMENTO	1532	6190077	20153277 Human. Primeira Travesía de Guixar		45.534,57
FOMENTO	1532	6190078	20153278 Human. Rúa dos Foxos		56.291,49
FOMENTO	1532	6190079	20153279 Human. Rúa Rosal Florido		61.703,43
FOMENTO	1532	6190080	20153280 Human. Rúa do Areeiro		153.984,99
FOMENTO	1532	6190081	20153281 Human. Rúa do Freixo		274.556,28
FOMENTO	1532	6190082	20153282 Human. Rúa Bagunda		54.537,62
FOMENTO	1532	6190083	20153283 Hum. P.Saavedra, Fase 2, Trv.Foxos-E. Lorenzo		312.471,95
FOMENTO	1532	6190084	20153284 Humnización Rúa Rosal		450.000,00
FOMENTO	1532	6190085	20153285 Human. Rúa G. Espino, 4ª Fase		1.600.000,00
FOMENTO	1532	6190086	20153286 Human. Rúa Aragón, 6ª Fase		570.000,00
FOMENTO	1532	6190087	20153287 Human. Rúa Valladolid		450.000,00
FOMENTO	1532	6190088	20153288 Human. Julián Minguillón e Vista Alegre		1.070.668,74
FOMENTO	1532	6190089	20153289 Humanización Rúa Colombia, 2ª Fase		749.293,61
FOMENTO	1532	6190092	20153292 Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo		496.500,00
FOMENTO	1539	6190060	20153960 Peatonalización Praza Elíptica		2.320.000,00
FOMENTO	1539	6190061	20153961 V.Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude		750.000,00



Concello de Vigo

Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
FOMENTO	1539	6190062	20153962 V.Vertical, Esc. Mecánica ao C. S. Teis		1.300.000,00
FOMENTO	1539	6090063	20153963 VÍgo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialia		450.000,00
FOMENTO	1539	6090064	20153964 VÍgo Vertical, accesibilidade T. de VÍgo_Aragón		900.000,00
FOMENTO/elect.	1650	6190060	20165060 Iluminación Parque Castrelos		622.680,74
FOMENTO/elect.	1650	6190061	20165061 Plan de eficiencia enerxética		2.551.133,15
XARDÍNS	1710	6190060	20171060 Mellora Praza de Miñoa		1.600.000,00
XARDINS	1710	6190061	20171061 Acondicionamento Torreiro Valadares		237.277,80
EDUCACIÓN	3230	62200060	20323060 Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian		700.000,00
DEPORTES	3420	6290060	20342060 Dotacións deportivas		60.000,00
DEPORTES	3420	6320061	20342061 Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Bao		642.434,46
DEPORTES	3420	6320062	20342062 Mellora campo de fútbol Sta. Mariña		499.908,29
PATRIMONIO	9330	6320060	20933060 Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina		426.116,78
PATRIMONIO	9330	6320061	20933061 Reforma antigüa Edar para auditorio		901.806,28
PATRIMONIO	9330	6320062	20933062 Acondicionamento Antigüo ambulatorio Teis para Biblioteca		900.000,00
Total					33.000.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación. De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano. As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar os expedientes de acordo á relación que conforman os empregos dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 63/2020, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

QUINTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

ACORDO

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez